



## **RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA**

**Expediente núm.:** 1053/2020

**Asunto:** Bolsa de emprego do servizo de axuda no fogar

**Procedemento:** Selección de Persoal e Provisión de Postos

Visto o a Resolución de Alcaldía núm. 2020-0740, do 1 de decembro, onde se aproba o listado definitivo de candidatas e a baremación definitiva de méritos.

Visto que nas BASES QUE REXEN A CONVOCATORIA PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO TEMPORAL DE AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR MEDIANTE CONCURSO DE MÉRITOS 2020-2022 aprobadas por Resolución de Alcaldía núm. 2020-0596, do día 27 de outubro, no primeiro párrafo da Base 11ª, establece que cando se deba proceder a unha contratación temporal para cubrir calquera incidencia que supoña a necesidade de cobertura temporal de calquera posto do servizo, ofreceráse o contrato á persoa que, estando en disposición de aceptalo e podendo facérselle o contrato con arranxo á normativa vixente, ocupe na Bolsa de Emprego, a posición de maior preferencia, seguindo rigurosemente a orde da mesma.

Vista a necesidade de contratar a dúas traballadoras por razóns de aumento de usuarios no servizo, en base ao artigo 15.1.b) do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, así como, a contratación dunha terceira traballadora para substituír a traballadores con dereito a reserva de posto de traballo, en base ao apartado c) do devandito precepto legal.

Visto terceira candidata na listaxe é DONA TAMARA PEREIRA ALMEIDA, na actualidade ten un contrato de traballo no concello de Lobios.

En uso das atribucións conferidas polo artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, así como do disposto nas Bases reguladoras do presente proceso selectivo, esta Alcaldía, **RESOLVE**

**PRIMEIRO.-** Seleccionar as seguintes candidatas para desempeñar as funcións de auxiliar de axuda no fogar no concellos de Lobios desempeñando funcións de auxiliar administrativo no concello de Lobios.

- Maria de los Angeles Ferreira Do Cabo, 34.977.xxx-V
- Ana Catarina Pereira Da Costa, X-9253xxx-P
- Jessica Sabugueiro Oliveira, 36.170.xxx-G

**SEGUNDO.-** Formalizar o contrato de traballo, en réxime de dedicación a tempo completo, de luns a domingo, con data de inicio dende o día 02.12.2020 ata 01.03.2020 na modalidade de contrato eventual por circunstancias de produción regulada polo artigo 15.1.b) do Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, ás seguintes candidatas: dona MARIA DE LOS ANGELES FERREIRA DO CABO e dona ANA CATARINA PEREIRA DA COSTA.

**TERCEIRO.-** Formalizar o contrato de traballo na modalidade de substitución de dona Armanda Ferreira Fernández, por incapacidade temporal, regulada polo artigo 15.1.c) do Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, en réxime de dedicación a tempo completo, de luns a domingo, con data de inicio dende o día 02.12.2020 ata a finalización da incapacidade temporal da traballadora con reserva de posto de traballo, a seguinte candidata: dona JESSICA SABUGUEIRO OLIVEIRA.

**CUARTO.-** Publicar no taboleiro de anuncios do Concello e na sede electrónica web: <http://lobios.sedelectronica.gal>, a presente Resolución.





# Concello de Lobios

---

Mándaa e asínaa, a Sra. Alcaldesa-Presidenta, dona María del Carmen Yañez Salgado, en Lobios, a data de sinatura electrónica. Dou fe, o Secretario, don Abel Camoira Louzao.

*ASINADO ELECTRÓNICAMENTE (Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Rexíme Xurídico do Sector Público)*



Cod. Validación: 6GKQ2S5KDC2CTH9ZKME52R6TP | Corrección: <https://lobios.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2